



Sanidade | Ourense

CCOO denuncia perante a Inspección de Traballo as «condicións inhumanas» na área sanitaria de Ourense pola calor

O sindicato lamenta que desde o Sergas sen neguen a tomar medidas para aliviar a situación, nin sequera a comprar ventiladores para os centros de traballo máis afectados

2-7-2025.- A sección sindical da Federación de Sanidade de CCOO de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras denunciou perante a Inspección de Traballo as «condicións inhumanas» en que o persoal sanitario debe facer o seu traballo. O sindicato denuncia «temperaturas asfixiantes» na meirande parte dos centros de saúde da provincia —que carecen de climatización—, así como en diversas zonas asistenciais do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense, pola falta de sistemas de refrixeración.

A normativa estatal obriga as empresas a adaptaren as condicións laborais cando a Aemet activa avisos de fenómenos meteorolóxicos adversos por altas temperaturas de nivel laranxa ou vermello, sempre que as medidas preventivas existentes non garantan a protección do persoal traballador.

Por esta razón, a Xerencia da Área Sanitaria «non pode escudarse en que esta vaga de calor os colleu de sorpresa», reprocha CCOO. Xa no mes de xuño do ano pasado, as delegadas de prevención de riscos laborais de CCOO advertiron de que este é un «problema recorrente» e reclamaron a adopción de medidas para mitigar os efectos das altas temperaturas.

Actualmente, só 23 centros de saúde da área sanitaria de Ourense contan con climatización, segundo se informou no comité de seguridade e saúde. As unidades de hospitalización do Edificio Cristal carecen tamén deste sistema, igual que as consultas do Hospital Santa María Nai e as de Xinecoloxía. Esta situación está a provocar temperaturas superiores aos 30º C en moitas zonas de traballo, o que deriva en mareos, dores de cabeza e malestar xeral entre o persoal e os propios doentes.

O Sergas négase a tomar medidas

No último comité de seguridade e saúde, a finais de xuño, a dirección da Área Sanitaria confirmou que non se ían adoptar medidas, nin sequera dotar de ventiladores os centros afectados —incumprindo así o que se prometera nunha xuntanza previa o mes de marzo.

Por todo isto, CCOO afirma que a Xerencia da Área Sanitaria está a incumplir o seu deber como empregadora de garantir as mellores condicións posibles nos postos de traballo para preservar a saúde tanto do seu persoal como da poboación atendida nestes centros.

Santiago de Compostela, 2 de xullo de 2025

GABINETE DE COMUNICACIÓN
Horario: luns a venres, 9-18 h
686 469 993 / 981 551 838 | prensa@galicia.ccoo.es
Máis información en: <http://www.ccoo.gal>